
Populus tremula L., 1753

- chopo tremo, álamo tremo/tremedor
- álamo temblón, chopo temblón
- lertxun
- tremol
- European aspen
- álamo tremedor, choupo tremedor



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Malpighiales**	**Salicaceae**	***Populus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta de porte arbórea, que pode acadar os 20 m de altura máxima. Tronco recto, codia lisa e gris verdosa nos exemplares novos e máis escura e fendida coa idade. Copa pouco densa, lixeira e ampla, que deixa pasar a luz con facilidade. Follas alternas, simples, de forma orbicular a ovada. Marxe crenada e pecíolo aplanado lateralmente. De cores verde claro e amarelentas no outono. Flores agrupadas en amentos alongados. Froito en forma de cápsula pequena que libera numerosas sementes. Sementes con vilano algodonado. Florece no inverno-primavera e frutifica na primavera-verán.

HÁBITAT

Bosques caducifolios e mixtos, bordos forestais e claros, vales e zonas de media montaña. Preferencia por solos frescos e ben drenados. Tolera climas fríos e continentais.

DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuída por Europa e Asia temperada. Na Península Ibérica é frecuente no norte e en zonas montañosas.

CURIOSIDADES

A madeira, debido a súa lixeireza, empregouse tradicionalmente para a elaboración de caixas, mistos ou pasta de papel. É unha especie que coloniza rapidamente áreas queimadas ou perturbadas.